

# SEMANA DOS MUSEOS 2019

DÍA das LETRAS GALEGAS / DÍA INTERNACIONAL dos MUSEOS / NOITE dos MUSEOS  
na REDE MUSEÍSTICA DA DEPUTACIÓN DE LUGO

## Museo Provincial de Lugo



Escola de nenas de San Cibrao, Cervo (Edificio actual Museo Provincial do Mar). Ano 1967.  
Mestra: dona Sagrario Martínez López.

Os museos da Deputación de Lugo celebramos na semana que vai do 13 ao 19 de maio de 2019 o **Día das Letras Galegas** (17 de maio), o **Día Internacional dos Museos** e a **Noite dos Museos** (18 de maio).

O **Días das Letras** que a RAG dedica este ano ao profesor, historiador e etnógrafo, Antón Fraguas (1905-1999) dános a oportunidade de revisar a tradición a través da súa extensa e meritoria obra de investigación.

Nesta ocasión, o lema escollido polo ICOM para celebrar o próximo 18 de maio o **Día Internacional dos Museos**, "*Os museos como eixes culturais. O futuro da tradición*", convídanos a reflexionar sobre o papel que desempeñan os museos como actores activos nas súas respectivas comunidades, un papel cambiante que os foi convertendo en plataformas de coñecemento, creatividade e intercambio. Son días de celebración e de posta en marcha do mundo por vir.

### 17 DE MAIO: DÍA DAS LETRAS GALEGAS

O historiador, investigador e profesor Antón Fraguas Fraguas é o personaxe escollido pola RAG neste 2019 para homenaxear no Día das Letras Galegas. Naceu en Cotobade, 1905 e faleceu en Santiago de Compostela de 1999. Foi

director e presidente do Museo do Pobo Galego, fundador da Sociedade de Lingua, membro das Irmandades da Fala e do Seminario de Estudos Galegos.

### **»Vieiros de memoria**

Desde o 13 de maio ao 25 de xullo.

Somos polos que foron. A vida constrúese de historias e a historia é unha suma de vidas. Este ano, o día das Letras Galegas dedícaselle a Antón Fraguas, o gran etnógrafo de Galiza, un deses buscadores de recordos e custodios da memoria do pobo, que fixo da nosa cultura un ben maior. O seu legado ben pode servir como exemplo para o Día Internacional dos Museos 2019, que promove a memoria colectiva e o patrimonio inmaterial como recurso necesario para un futuro socialmente sostible. Desde a Rede Museística Provincial queremos andar eses vieiros da memoria coa nosa comunidade, porque somos depositarios da memoria de todxs, así pois, gustaríanos trazar sobre un mapa os camiños das vosas lembranzas, do pasado das vosas familias, camiños andados, lugares, palabras, expresións, costumes..., para crear ese caderno de viaxe conxunto no que todxs teñamos cabida.

## **18 DE MAIO: DÍA INTERNACIONAL DOS MUSEOS**

### **ArtísticaMENTE**

#### **Tecendo emocións en torno ao patrimonio e á tradición.**

Sábado, 18 de maio, ás 18.00h

Segundo o Instituto Nacional de Estatística, tres millóns de españois padecen depresión, e outros tantos trastornos de ansiedade; ademais, estímase que unha de cada cinco persoas padecerá algunha enfermidade mental ao longo da súa vida.

Por que entón, enfermidades que son tan comúns teñen tan pouca visibilidade e están tan estigmatizadas?

Dende a Rede Museística Provincial de Lugo, partindo da premisa "Un museo entre todxs para todxs" que nos define e celebrando o Día Internacional dos Museos, presentamos o proxecto "ArtísticaMENTE", unha actividade na que arte e tradición desempeñarán un papel fundamental despertando sensibilidades e canalizando emocións.

Desenvolvemento da actividade: Consistirá nunha visita guiada pola colección pictórica e escultórica da sección de arte galega do Museo. Unha vez rematada esta, realizarase un taller no que cada participante elixirá a obra ou o/a artista que máis lle impactou, e reflexionará sobre os sentimentos que lle despertou.

A idea é que cadaquén plasme a través das distintas canles de expresión artística (pintura, debuxo, escritura...) as sensacións que experimentou ao contemplar as diferentes obras, o significado que a historia e a arte teñen na súa vida e que, ao igual que fixeron e fan os artistas, poida empregar a arte como medio de canalización de emocións e sentimentos

Destinatarios: Esta iniciativa está aberta a todo o mundo e ten como finalidade crear lazos e convivencias, de desestigmatizar o mundo das enfermidades mentais e aprender a xestionar emocións empregando como canle a tradición e o patrimonio artístico.

## **VISITAS GUIADAS**

### **»Musalinguas**

Todos os días, entre o 13 e o 19 de maio, ás 11:00h. e ás 16:30h.

Visitas dialogadas a diferentes salas deste Museo. Un modo de comunicación e intercambio de saberes e experiencias entre o guía e os visitantes, tendo en conta ás súas linguas e culturas.

Duración da visita: 1 hora.

### »Escénicas en Rede

Actividades de danza, teatro, artes plásticas que se realizan en colaboración con colectivos externos e que se desenvolven en distintas sedes, dentro e fóra do propio museo.

### EXPOSICIÓNS

**Exposición:** *Crea o teu museo. Traballos escolares do alumnado do CEIP As Gándaras.* Corredor primeira planta (do 8 ao 31 de maio).

**Exposición:** *A muller do século XXI. Mans Unidas.* Sala Multiusos do MPLugo (do 8 ao 30 de maio).

**Exposición:** *Bruxa! Libres, rebeldes, insubmisas.* Refectorio do MPLugo (do 8 de maio ao 9 de xuño).

**Exposición:** *Flor Novoneyra. Lamazares.* Sala de Exposicións do MPLugo (do 16 de abril ao 21 de xullo).

**Exposición:** *Maruxa Seoane. Achegamento a M<sup>a</sup> Elvira Fernández López.* Sala Pazo de San Marcos (do 2 de maio ao 21 de xullo).

**Museo Provincial de Lugo:** 982 24 23 00 / 982 24 21 12

**Xerencia da Rede Museística:** 699 836 883

[xerencia-redemuseos@deputacionlugo.org](mailto:xerencia-redemuseos@deputacionlugo.org)



REDE MUSEÍSTICA  
PROVINCIAL DE LUGO  
MUSEO PROVINCIAL DE LUGO